



Escoita con moita atención para contestar ben as preguntas do texto.

O león e o rato

Había unha vez un león que durmía tranquilamente a sesta cando un pequeno ratiño empezou a xogar enriba del e espertouno.

—Que temos aquí? —dixo o león, dando un poutada coa súa enorme pouta e atrapando no aire o pequeno ratiño.

—Sóltame, sóltame, por favor! —protestou o rato—, eu só quería xogar un pouco.

—Querías xogar? E non podías ir a xogar cos teus amigos? —dixo o león moi enfadado—. Tiveches que vir molestarme, precisamente a min. É que non sabes quen son?

—Perdóame, león —dixo o rato, tremendo de medo—. Si sei quen es. Es o rei de todos os animais.

—Grrr, grrr, grrr! —ruxiu o león—. E sabes tamén que te podo devorar só con abrir a boca?

—No me comas, león! —pediulle o rato—. Se me comes, non te servirei de nada, pero se me perdoas a vida, prometo que te axudarei sempre que o necesites.

Ao oír o que lle dicía o ratiño, o león morría de risa.

—Ha, ha, ha! Que gracioso es, rato! —dixo o león, soltando unha sonora gargallada.

—Axudarme ti a min! Ha, ha, ha! Vaiche boa. Vouche perdoar a vida por ser tan gracioso.

O rato marchou a todo correr e o león seguiu durmindo.

Uns días máis tarde, o león saíu de caza pola sabana. Estaba xustamente pensando na súa próxima comida, cando... cata-plum!, caeu nunha trampa que uns cazadores prepararan.

O león estaba dentro dunha rede enorme e, malia toda a súa forza, non conseguía librarse dela. Canto máis se revolvíaa, máis se enleaba na rede.

—Grrr, grrr, grrr! —ruxía o león. Ruxía tan forte que todos os animais da sabana podían oír os seus berros.

O ratiño tamén os oíu. Deixou rapidamente o que estaba a facer e correu cara a onde estaba o león.

—Deixa que te axude —dixo o rato ao ver o león dentro da rede na que caera. —Non te movas. Vou roer as cordas para que poidas escapar.

O león estaba esgotado. Non podía crer que aquel animal tan insignificante puidese sacalo de alí. Pero escoitaba o ris, ras, ris, ras, que facían os dentes do ratiño ao roer as cordas. E ao cabo dun tempo viu un burato polo que podía saír.

—Ben, xa está! —dixo moi orgulloso o rato—. Es libre! Agora xa sabes que os pequenos ratos somos agradecidos e cumprimos o que prometemos.

Nese momento oíronse pasos. Eran os cazadores que escoitaran os ruxidos de león e sabían que caera na trampa. Pero xa era demasiado tarde. O león e o rato corrían xuntos pola sabana. E contan que, desde aquel día, o león non se volveu enfadar se algún día o ratiño o espertaba á hora da sesta.

3

Nome e apelidos:

Data:

Lingua 2.º

1 Cantos personaxes ten este conto? un personaxe dous personaxes tres personaxes**2** Como é a voz que conta a historia? masculina feminina**3** Quen son os personaxes da historia? Un león e un rato. Un cabalo e un rato. Un neno e un león.**4** Que fixo o león cando o ratiño o espertou? Enfadouse moito e comeuno dun bocado. Enfadouse moito e berrou co ratiño. Botouse a rir.**5** Que lle dixo o ratiño ao león? Se me perdoas prometo que te axudarei sempre que o precisas Non me comas que son amargo e duro. Mellor que me comas nun bocadillo.

6 Indica verdadeiro (V) ou falso (F).

- O león comeu o ratiño e tivo dor de barriga.
- O ratiño marchou a correr e o león quedou con fame.
- O león botouse a rir e deixou marchar ao ratiño.

7 Que lle pasou ao león?

- Foi dar unha volta pola selva.
- Caeu nunha trampa que prepararon os cazadores.
- Comeu o ratiño e seguiu durmindo.


8 Como o axudou o ratiño ao león?

- Escapou e non quixo axudar.
- Roendo as cordas que o ataban.
- Cantoulle unha canción mentres agardaban polos cazadores.

9 Que che ensinou esta historia?

- Que todos podemos axudar e ser moi importantes.
- Que os grandes sempre comen aos pequenos.

1 Lembra a orde do alfabeto galego.



2 Completa cos signos ? ou ! e indica se é unha pregunta ou unha admiración.

Temos moito apetito

Por que non imos buscar a merenda

Ti trouxéchela

Vaia Quedoume na cociña

3 Busca no debuxo 6 cousas que conteñan rr no seu nome:

